

RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE MARZO DE 2017, POLA QUE SE PUBLICA A CADUCIDADE NO CENSO DE ASOCIACIÓNS ESTUDANTÍS DA UNIVERSIDADE DE VIGO DA “ASOCIACIÓN COMITÉS ABERTOS DE FACULTADE”

Transcorridos os prazos establecidos na convocatoria de accións participativas e asociacionismo (R.R. 31/01/2017), así como os de requerimento de documentación para a actualización de datos que garanticen a permanencia no censo de asociacións da Universidade de Vigo e non tendo sido posible a notificación personalizada, en aplicación da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de acordo coas competencias conferidas.

Esta reitoría **RESOLVE**:

Declarar a **caducidade** no censo de asociacións estudiantís da Universidade de Vigo da *Asociación Comités Abertos de Facultade*, que conta co número de **registro nº002**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Vigo a 17 de marzo de 2017

O REITOR

PD R.R. 7/5/2014 –DOG 13/5/2014

O vicerreitor de Extensión Universitaria
e Relacións Internacionais



Manuel Fernández Iglesias

Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro de anuncios dos Rexistros da Universidade de Vigo
Vigo, 22 de marzo de 2017
O xefe do Servizo de Extensión Universitaria

Ricardo Corderí Salgado